

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATÍN

3º CULTURA CLÁSICA.-

- Avaliación continua.

Se fará un exame cada vez que se finalice un tema. A calificación da avaliación será dun 70%. Os traballos de investigación mensuais serán dun 10% . O traballo individual na aula tamén será dun 10%, as aportacións individuais (noticias de prensa, etimoloxías...) será doutro 10%. O exame, no caso de que haxa confinamento, total o parcial, será con cámara a través de JITSY MEET, GOOGLE MEET ou a plataforma dixital que o grupo xunto coa profesora decidan, e de GOOGLE DRIVE para que a profesora vexa as respostas ao momento, pero logo os alumnos terán que mandala por correo electrónico para que quede constancia. Neste caso a proba escrita valerá un 50% e os traballos de investigación mensuais 25% e outro 25% os cuestionarios que a profesora lles mandará cada semana sobre os temas explicados ao longo do curso (se como o ano pasado non nos deixan avanzar materia) ou sobre os novos que se manden pola aula virtual o por GOOGLE DRIVE. A nota final da avaliación será a media dos exames de cada avaliación que será o 70% da avaliación e logo sumaremos as calificacións dos apartados citados anteriormente. Valoraremos a puntualidade á hora de entregar os traballos, a creatividade e variedade de ditos traballos, e, por suposto, as faltas de ortografía, tanto nos traballos de investigación como nos exames. descontándose un punto por catro tiles mal postas ou sen poñer e un punto por cada falta ortográfica doutra índole. Creemos que o alumnado, tanto de letras como de ciencias, ten que saber expresarse correctamente na lingua materna (galego ou castelán) e facer un bo uso da mesma.

Ao final de cada avaliación, se algún alumno non a ten superada, fará una proba de recuperación con preguntas da materia de dita avaliación. Si tivesemos un confinamento como o do curso pasado que durase moito tempo faríamos como o curso pasado para o cal pódese mirar o presentado na ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020.

- Avaliacion final.

Á dita avaliación irán os alumnos que non acaden os obxectivos prantexados na presente programación nin os estándares fixados e que a nota media non chegue ao 5. Se examinarán das avaliacións que teñan pendentes. Con preguntas tipo test, outras de desenrolar e outras de relacionar e definir conceptos, haberá unha do libro de lectura e outra dos traballos de investigación. A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos, tanto se é presencial como se é telemática. Se avaliarán os mesmos estándares que nas probas feitas ao longo do curso. Todas as preguntas valerán o mesmo. A cualificación se fará igual que a feita ao longo do curso. A nota será a suma exacta de todas as respostas. Será requisito imprescindible ter presentados os traballos de investigación. Contidos mínimos esixibles: Localización das principais cidades gregas. Clasificación cronolóxica dos principais períodos históricos gregos e romanos. Recoñecemento das clases sociais gregas e latinas. Coñecemento das maxistraturas gregas e romanas. Distinción das vivendas, dos matrimonios e sistemas educativos gregos e romanos. Coñecemento dos deuses e heroes máis destacados. Distinción das características da arquitectura e da escultura grecorromana

-Avaliación extraordinaria.-

A proba que se fará en Setembro será similar á feita en Xuño e os materiais tamén. Se non poidera facerse presencialmente, utilizaremos as mesmas ferramentas que en Xuño ou ao longo do curso: GOOGLE DRIVE e GOOGLE MEET ou JITSY MEET con cámara. Se cualificará facendo a ponderación das preguntas que valerán todas igual.

-Avaliación e recuperación de pendentes.

Este ano temos unha alumna coa materia pendente. Poderá acadar os obxectivos contestando a uns cuestionarios entregados pola profesora sobre os temas explicados o ano anterior, que novamente se lle entregarán paulatinamente cada mês. Os cuestionarios irían entregándose ós alumnos según os fosen acabando, de xeito que cada alumno podería levar o seu propio ritmo, pero sempre tres temas por avaliación máis ou menos. Esta vez non terían que ler ningunha obra obrigatoria nin facer traballos de investigación, para non cargalos de máis traballo. Ditos cuestionarios poderán entregalos presencialmente ou a través do correo electrónico.

4º CULTURA CLÁSICA.-

-Avaliación continua.-

Se fará un exame cada vez que se finalice un tema. A calificación de dita exame será dun 70%. Os traballos de investigación mensuais serán dun 10% . O traballo individual na aula tamén será dun 10%, as aportacións individuais (noticias de prensa, etimoloxías...) será doutro 10%.

Dita proba, no caso de que haxa confinamento, total ou parcial, será con cámara a través de JITS MEET, GOOGLE MEET ou a plataforma dixital que o grupo xunto coa profesora decidan, e de GOOGLE DRIVE para que a profesora vexa as respostas ao momento, pero logo os alumnos terán que mandala por correo electrónico para que quede constancia. Neste caso a proba escrita valerá un 50% e os traballos de investigación mensuais 25% e outro 25% os cuestionarios que a profesora lles mandará cada semana sobre os temas explicados ao longo do curso (se como o ano pasado non nos deixan avanzar materia) ou sobre os novos que se manden pola aula virtual o por GOOGLE DRIVE. A nota final da avaliación será a media dos exames de cada avaliación que será o 70% da avaliación e logo sumaremos as calificacións dos apartados citados anteriormente. Valoraremos a puntualidade á hora de entregar os traballos, a creatividade e variedade de ditos traballos, e, por suposto, as faltas de ortografía, tanto nos traballos de investigación como nos exames.

descontándose un punto por catro tiles mal postas ou sen poñer e un punto por cada falta ortográfica doutra índole. Cremos que o alumnado, tanto de letras como de ciencias, ten que saber expresarse correctamente na lingua materna (galego ou castelán) e facer un bo uso da mesma. Ao final de cada avaliación, se algún alumno non a ten superada, fará una proba de recuperación con preguntas da materia de dita avaliación. Si tivesemos un confinamento como o do curso pasado que durase moito tempo faríamos como o curso pasado para o cal pódese mirar o presentado na ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020.

-Avaliación final.

Á dita avaliación irán os alumnos que non acaden os obxectivos prantexados na presente programación nin os estándares fixados e que a nota media non chegue ao 5. Se examinarán das avaliacións que teñan pendentes. Con preguntas tipo test, outras de desenrolar e outras de relacionar e definir conceptos, haberá unha do libro de lectura e outra dos traballos de investigación. A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos, tanto se é presencial como se é telemática. Se avaliarán os mesmos estándares que nas probas feitas ao longo do curso. Todas as preguntas valerán o mesmo. A cualificación se fará igual que a feita ao longo do curso. A nota será a suma exacta de todas as respostas. Será requisito imprescindible ter presentados os traballos de investigación.

Contidos mínimos esixibles: Localización das principais cidades gregas.

Clasificación cronolóxica dos principais períodos históricos gregos e romanos.

Recoñecemento das clases sociais gregas e latinas.

Coñecemento das maxistraturas gregas e romanas.

Distinción das vivendas, dos matrimonios e sistemas educativos gregos e romanos.

Coñecemento dos deuses e heroes máis destacados.

Distinción das características da arquitectura e da escultura grecorromana

-Avaliación extraordinaria.

A proba que se fará en Setembro será similar á feita en Xuño e os materiais tamén. Se non poidera facerse presencialmente, utilizaremos as mesmas ferramentas que en Xuño ou ao longo do curso: GOOGLE DRIVE e GOOGLE MEET ou JITSY MEET con cámara. Se cualificará facendo a ponderación das preguntas que valerán todas igual.

LATÍN 4º E.S.O.

-Avaliación continua.

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada bloque de morfoloxía ou sintaxe. Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado do mundo romano e da obra de lectura obrigada.

As probas valerán: 70% a proba lingüística; 10% a proba cultural; 10% o traballo na aula (exposicións de preguntas, análise e tradución de frases...) 10% traballo de investigación mensual.

Dita proba, no caso de que haxa confinamento, total o parcial, será con cámara a través de JITSY MEET, GOOGLE MEET ou a plataforma dixital que o grupo xunto coa profesora decidan, e de GOOGLE DRIVE para que a profesora vexa as respostas ao momento, pero logo os alumnos terán que mandala por correo electrónico para que quede constancia. Neste caso a proba escrita valerá un 50% e os traballos de investigación mensuais 25% e outro 25% os cuestionarios que a profesora lles mandará cada semana sobre os temas explicados ao longo do curso (se como o ano pasado non nos deixan avanzar materia) ou sobre os novos que se manden pola aula virtual o por GOOGLE DRIVE.

A nota media de cada avaliación se conseguirá sumando a nota das probas e dividindo polo número de estas. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, así como a cultural, a suma das outras é por ponderación.

No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade e o grado de consecución dos estándares. Se un alumno non supera unha proba, se lle dará a oportunidade de recuperala noutra ocasión co mesmo método que antes. Se un alumno non supera unha avaliación se lle dará a oportunidade de recuperala na seguinte avaliación co mesmo método que antes. Si tivesemos un confinamento como o do curso pasado que durase moito tempo faríamos como o curso pasado para o cal pódese mirar o presentado na ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020.

-Avaliación final

Á avaliación final irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas. A proba dependerá das avaliacións que non teña superadas o alumno pois se examinará daquelas que non teña superadas.

De calquera xeito, cada exame terá: dous frases para analizar e traducir; unha pregunta para analizar y traducir sintagmas do latín ao castelán ou galego; unha de declinar sintagmas de sustantivo co adxectivo; unha de analizar e traducir verbos do latín ao castelán ou galego; e tres de cultura unha das cales será sobre as obras de lectura.

Todas valerán un punto excepto as frases que valerán 4 puntos. A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos, tanto se é presencial como se é telemática por confinamento. Se avaliarán todos los estándares que teñen o logro máis alto de cualificación. A cualificación final, será a de a nota que se acade nesa proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

Que criterios segue o centro para a promoción? Os que marca a lei.

-Avaliación extraordinaria

A proba de setembro será similar o igual á de Xuño, con preguntas de lingua e de cultura: dous frases para analizar e traducir; unha pregunta para analizar y traducir sintagmas do latín ao castelán ou galego; unha de declinar sintagmas de sustantivo co adxectivo; unha de analizar e traducir verbos do latín ao castelán ou galego; e tres de cultura unha das cales será sobre as obras de lectura.

Todas valerán un punto excepto as frases que valerán 4 puntos. Se non poidera facerse presencialmente, utilizaremos as mesmas ferramentas que en Xuño ou ao longo do curso: GOOGLE DRIVE e GOOGLE MEET ou JITSY MEET con cámara. Se cualificará igual que en Xuño.

Se algún alumno non mostra interés pola materia, presentando os exames en branco, non facendo os traballos mensuais o non lendo as obras de lectura obrigada, non aprobará a materia e a profesora se oporá á súa promoción.

1º DE BACHARELATO. LATÍN

-Avaliación continua.

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada bloque de morfoloxía ou sintaxe. Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado do mundo romano e da obra de lectura obrigada.

As probas valerán: 70% a proba lingüística; 10% a proba cultural; 10% o traballo na aula (exposicións de preguntas, análise e tradución de frases...) 10% traballo de investigación mensual.

Dita proba, no caso de que haxa confinamento, total o parcial, será con cámara a través de JITSY MEET, GOOGLE MEET ou a plataforma dixital que o grupo xunto coa profesora decidan, e de GOOGLE DRIVE para que a profesora vexa as respostas ao momento, pero logo os alumnos terán que mandala por correo electrónico para que quede constancia. Neste caso a proba escrita valerá un 50% e os traballos de investigación mensuais 25% e outro 25% os cuestionarios que a profesora lles mandará cada semana sobre os temas explicados ao longo do curso (se como o ano pasado non nos deixan avanzar materia) ou sobre os novos que se manden pola aula virtual o por GOOGLE DRIVE.

A nota media de cada avaliación se conseguirá sumando a nota das probas e dividindo polo número de estas. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, así como a cultural, a suma das outras é por ponderación. No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade e o grado de consecución dos estándares. Se un alumno non supera unha proba, se lle dará a

oportunidade de recuperala noutra ocasión co mesmo método que antes. Se un alumno non supera unha avaliación se lle dará a oportunidade de recuperla na seguinte avaliación co mesmo método que antes. Si tivesemos un confinamento como o do curso pasado que durase moito tempo faríamos como o curso pasado para o cal pódese mirar o presentado na ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020.

-Avaliacion final.

Á avaliación final irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas.

A proba será , con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir , unha pregunta na que terán que facer un cuadro do infinitivo ou participio, outra pregunta de pasar de pasiva a activa, outra de por o segundo termo dun comparativo ou superlativo e dous de cultura.

A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos, tanto se é presencial como se é telemática por confinamento. Se avaliarán todos os estándares que teñen o logro máis alto de cualificación. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 5 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

A cualificación final, será a de a nota que se acade nesa proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

-Avaliación extraordinaria.

A proba de setembro será similar o igual á de Xuño, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir , unha pregunta na que terán que facer un cuadro do infinitivo ou participio, outra pregunta de pasar de pasiva a activa, outra de por o segundo termo dun comparativo ou superlativo e dous de cultura.

Se non poidera facerse presencialmente, utilizaremos as mesmas ferramentas que en Xuño ou ao longo do curso: GOOGLE DRIVE e GOOGLE MEET ou JITSI MEET con cámara. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 5 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

Se algún alumno non mostra interese pola materia, presentando os exames en branco, non facendo os traballos mensuais o non lendo as obras de lectura obrigada, non aprobará a materia e a profesora se oporá á súa promoción.

-Avaliación e recuperación de pendentes

Neste apartado hai varias posibilidades: a) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro pero que nunca cursara esta materia, porque fixera cambio de modalidade. b) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro porque non acadara os pág. 53 obxectivos propostos nesta programación según os estándares exixidos. Para ambos os dous casos faremos exames parciais mensuais e se non os superan teremos a proba na data marcada polo Instituto. Ditos exames serán os mesmos o parecidos aos feitos no aula cos alumnos non pendentes. Facilitaranse exercicios dos ámbitos culturais, morfolóxicos e sintácticos que podan servir de CLARA orientación sobre os modelos das probas.

Estarase sempre disposto a resolver as dúbidas aproveitando os tempos: recreos, horas libres, tutorías... A cualificación final será a media dos exames feitos en cada avaliación. En Setembro a proba será

igual o similar á feita no aula cos alumnos non pendentos con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir , unha pregunta na que terán que facer un cuadro do infinitivo ou participio, outra pregunta de pasar de pasiva a activa, outra de por o segundo termo dun comparativo ou superlativo e dous de cultura. A cualificación será: Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 5 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

2º BACHARELATO. LATÍN.-

-Avaliación continua.

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada unidade.

Consistirá nun texto para analizar e traducir. Valerá 5 puntos o análise e 5 a tradución. Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado de literatura, latinismos e da obra de lectura obrigada. As probas valerán: 80% a proba lingüística; 10% a proba cultural; 10% o traballo na aula (exposicións de preguntas, análise e tradución de textos...) .

Dita proba, no caso de que haxa confinamento, total o parcial, será con cámara a través de JITSI MEET, GOOGLE MEET ou a plataforma dixital que o grupo xunto coa profesora decidan, e de GOOGLE DRIVE para que a profesora vexa as respostas ao momento, pero logo os alumnos terán que mandala por correo electrónico para que quede constancia. Neste caso a proba escrita valerá un 50% e os traballos de investigación mensuais 25% e outro 25% os cuestionarios que a profesora lles mandará cada semana sobre os temas explicados ao longo do curso (se como o ano pasado non nos deixan avanzar materia) ou sobre os novos que se manden pola aula virtual o por GOOGLE DRIVE.

A nota media de cada avaliación se conseguirá sumando a nota das probas e dividindo polo número de estas. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, asé como a cultural, a suma das outras é por ponderación. No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade e o grado de consecución dos estándares. Se un alumno non supera unha proba, se lle dará a oportunidade de recuperala noutra ocasión co mesmo método que antes.

Se un alumno non supera unha avaliación se lle dará a oportunidade de recuperla na seguinte avaliación co mesmo método que antes.

Si tivesemos un confinamento como o do curso pasado que durase moito tempo faríamos como o curso pasado para o cal pódese mirar o presentado na ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020.

-Avaliacion final.

Á avaliación final irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas.

A proba será , con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura. A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos, tanto se é presencial como se é telemática por confinamento. Se avaliarán todos los estándares que teñen o logro máis alto de cualificación. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións punto e medio.

A cualificación final, será a de a nota que se acadese na proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

-CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.

Tradución correcta dun texto coa axuda do dicionario, na que se manifeste un coñecemento gramatical.

Coñecemento dos temas de literatura.

Coñecemento das lecturas obrigadas.

Análise gramatical e sintáctica.

Coñecemento das principais expresións latinas usadas na actualidade.

Correcta ortografía e expresión en castelán ou galego.

Que criterios segue o centro para a promoción? A que marca a lei.

-Avaliación extraordinaria.

A proba de setembro será similar o igual á de Xuño, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura.

Un texto para analizar e traducir e dous de cultura. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións 1 punto e medio.

Se algún alumno non mostra interese pola materia, presentando os exames en branco, ou non lendo as obras de lectura obrigada, non aprobará a materia.

- Avaliación e recuperación de pendentes

Neste apartado hai varias posibilidades: a) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro pero que nunca cursara esta materia, porque fixera cambio de modalidade. b) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro porque non acadara os obxectivos propostos nesta programación según os estándares exixidos. Para ambos os dous casos faremos exames parciais mensuais e se non os superan teremos a proba na data marcada polo Instituto.

Ditos exames serán os mesmos o parecidos aos feitos no aula cos alumnos non pendentes.

Facilitaranse exercicios dos ámbitos culturais, morfolóxicos e sintácticos que podan servir de CLARA orientación sobre os modelos das probas.

Estarase sempre disposto a resolver as dúbidas aproveitando os momentos: recreos, horas libres, tutorías...

A cualificación final será a media dos exames feitos en cada avaliación. En setembro a proba será igual o similar á feita no aula cos alumnos non pendentes con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura. A cualificación será: Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións 1 punto e medio.